

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27002353	CPI de Cervantes	Cervantes	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Xeografía e historia	3º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	15
6. Medidas de atención á diversidade	15
7.1. Concreción dos elementos transversais	16
7.2. Actividades complementarias	17
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	19

## 1. Introducción

Programación de Xeografía e Historia para o nivel de 3º da ESO no curso 2023-2024.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Buscar, seleccionar, tratar e organizar información sobre temas relevantes do presente e do pasado, usando criticamente fontes históricas e xeográficas, para adquirir coñecementos, elaborar e expresar contidos en varios formatos.	2-3		4	1-2		1		
OBX2 - Indagar, argumentar e elaborar produtos propios sobre problemas xeográficos, históricos e sociais que resulten relevantes na actualidade, desde o local ao global, para desenvolver un pensamento crítico, respectuoso coas diferenzas, que contribúa á construción da propia identidade e a enriquecer o acervo común.	1-2			2		1-3	3	3
OBX3 - Coñecer os principais desafíos aos que se enfrontaron distintas sociedades ao longo do tempo, identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos e os problemas aos que se enfrontan na actualidade, mediante o desenvolvemento de proxectos de investigación e o uso de fontes fiables, para realizar propostas que contribúan ao desenvolvemento sustentable.			3-4-5		3	3-4	1	1
OBX4 - Identificar e analizar os elementos da paisaxe e a súa articulación en sistemas complexos naturais, rurais e urbanos, así como a súa evolución no tempo, interpretando as causas das transformacións e valorando o grao de equilibrio existente nos distintos ecosistemas, para promover a súa conservación, mellora e uso sustentable.					2	1-2-3-4	1	
OBX5 - Analizar de forma crítica formulacións históricas e xeográficas explicando a construción dos sistemas democráticos e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, así como asumindo os deberes e dereitos propios do noso marco de convivencia, para promover a participación cidadá e a cohesión social.	5					1-2		1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Comprender os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a realidade multicultural na que vivimos, coñecendo e difundindo a historia e a cultura das minorías étnicas presentes no noso país, e valorando a achega dos movementos en defensa da igualdade e a inclusión, para reducir estereotipos, evitar calquera tipo de discriminación e violencia, e recoñecer a riqueza da diversidade.	5				3	1-2-3		1
OBX7 - Identificar os fundamentos que sosteñen as diversas identidades propias e as alleas, a través do coñecemento e posta en valor do patrimonio material e inmaterial que compartimos para conservalo e respectar os sentimentos de pertenza, así como para favorecer procesos que contribúan á cohesión e solidariedade territorial no tocante aos valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.		3			1	1-2-3		1
OBX8 - Tomar conciencia do papel dos ciclos demográficos, o ciclo vital, as formas de vida e as relacións interxeracionais e de dependencia na sociedade actual e a súa evolución ao longo do tempo, analizándoas de forma crítica, para promover alternativas saudables, sustentables, enriquecedoras e respectuosas coa dignidade humana e o compromiso coa sociedade e a contorna.			5	4	2-5	1-2-3		
OBX9 - Coñecer e valorar a importancia da seguridade integral cidadá na cultura de convivencia nacional e internacional, recoñecendo a contribución do Estado, as súas institucións e outras entidades sociais á cidadanía global, á paz, á cooperación internacional e ao desenvolvemento sustentable, para promover a consecución dun mundo máis seguro, solidario, sustentable e xusto.	2					1-2-3-4	1	1

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Bloque 1. A Idade Moderna e a transición cara a Idade	Análise da evolución política, demográfica, social, cultural e artística da sociedade	25	38	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Contemporánea.	europaea dende os inicios da Idade Moderna ata a aparición dos primeiros rasgos da Idade Contemporánea.	25	38	X		
2	Bloque 2. Xeografía física	Estudo e investigación acerca das principais unidades de relevo e a súa formación que temos no Planeta. Incluirase unha análise da composición das áreas xeográficas de maior transcendencia para o noso territorio.	25	15		X	
3	Bloque 3. Xeografía política: demografía	Identificaranse os principais modelos demográficos, as súas características e a súa posible evolución nun futuro. Tamén se terán en conta nesta unidade os factores que inflúen na distribución xeográfica da poboación.	25	15		X	X
4	Bloque 4. Xeografía política: sectores de actividade económica.	O punto de partida para o desenvolvemento das competencias relativas a esta unidade será a contorna próxima e como están presentes nela os diferentes sectores de actividade económica. A partir desta información de proximidade valorarase o xeito no que a presenza duns ou doutros sectores de actividade económica ofrecen datos sobre o grao de desenvolvemento dunha sociedade e influen, tamén, na súa composición a nivel demográfico.	25	37			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Bloque 1. A Idade Moderna e a transición cara a Idade Contemporánea.	38

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da Historia e a Xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Identificar as institucións que simbolizan a evolución social e política dende os primeiros Austrias ata a chegada dos Borbóns a España.	PE	75
CA2.4 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Identificar os principais feitos a nivel de política interna e externa que marcaron os reinados dos Reis Católicos, Carlos I, Felipe II, Felipe III, Felipe IV, Carlos II, Felipe V e Carlos III, así como aqueles relacionados coas monarquías francesa e inglesa.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.7 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social, e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos.	Recoñecer os intentos pacificadores levados a cabo por Felipe III e Felipe IV para evitar conflitos externos con outros territorios e as súas consecuencias.		
CA2.8 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais.	Diferenciar aqueles rasgos que caracterizaron á sociedade peninsular durante os séculos XVI, XVII e XVIII e a diferenciaron doutras sociedades da súa época.		
CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Comprender a historia como un proceso en evolución no que todos os factores que interveñen nela, dun ou doutro xeito están relacionados.		
CA2.2 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da Historia e da Xeografía.	Elaborar un eixe cronolóxico no que tanto os períodos e momentos históricos como a explicación dos feitos que tiveron lugar se ordeen de xeito cronolóxico.		
CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Elaborar un gráfico no que se explique a evolución dos territorios e espazos xeográficos ocupados pola Coroa española ao longo dos séculos XVI e XVII.	TI	25
CA2.6 - Coñecer, valorar e exercer responsabilidades, dereitos e deberes e actuar en favor do seu desenvolvemento e a defensa dos valores constitucionais e democráticos.	Identificar o xeito no que a cidadanía dos diferentes territorios europeos influíu no desenvolvemento de modelos semidemocráticos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico.</li> <li>- As fontes históricas como base para a construción do coñecemento sobre o pasado contemporáneo. Contraste entre interpretacións de historiadores.</li> <li>- A transformación política dos seres humanos: da servidume á cidadanía. Transicións, revolucións e resistencias: permanencias e cambios na época contemporánea. A conquista dos dereitos individuais e colectivos na época contemporánea. Orixe, evolución e adaptación dos sistemas liberais en España e no mundo a través das fontes.</li> <li>- A chegada a España dunha nova dinastía, uniformismo e reformismo borbónico. Crise do Antigo Réxime en España e Galicia ata 1814. O reformismo ilustrado en Galicia.</li> <li>- A industrialización en Europa, España e Galicia. Transicións, revolucións, permanencias e cambios na nova orde mundial. Nacemento dunha nova sociedade.</li> <li>- O nacemento das novas expresións artísticas e culturais ata a metade do século XIX e a súa relación coas artes</li> </ul>

**Contidos**

- clásicas. A personalidade independente de Goya. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial.
- O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial.

UD	Título da UD	Duración
2	Bloque 2. Xeografía física	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación.	Recoñecer os diferentes tipos de proxección cartográfica e a evolución nos xeitos de representar a superficie terrestre ao longo da historia.	PE	95
CA1.3 - Coñecer os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, realizando propostas que contribúan ao seu logro, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes.	Identificar nun mapa físico o xeito no que a contaminación e as políticas pouco respectuosas co medio ambiente inflúen na modificación das características naturais do relevo.		
CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico.	Identificar catro elementos do modelado granítico, catro do modelado calcáreo e catro do modelado arxiloso.		
CA3.2 - Realizar propostas que contribúan ao logro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes.	Explicar catro medidas que un individuo pode aplicar no seu día a día para reducir a contaminación da contorna.		
CA3.7 - Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna, de acordo con aptitudes, aspiracións, intereses e valores propios, a partir da análise crítica da realidade económica, da distribución e xestión do traballo, e a adopción de hábitos responsables, saudables, sustentables e respectuosos coa dignidade humana e a doutros seres vivos, así como da reflexión ética ante os usos da tecnoloxía e a xestión do tempo libre.	Sinalar cinco zonas xeográficas de Galicia que polas súas características merezan dunha especial protección e aquelas política que estean poñendo en risco a súa integridade.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.3 - Entender e afrontar, desde un enfoque ecosocial, problemas e desafíos pasados, actuais ou futuros das sociedades contemporáneas tendo en conta as súas relacións de interdependencia e ecodpendencia.	Identificar os riscos que a modificación dos ecosistemas implican para o mantemento de todo tipo de vida neles.	TI	5

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. Emerxencia climática e sustentabilidade. Relación entre factores naturais e antrópicos. Modificacións, efectos e ameazas na Terra e a contorna próxima de España e Galicia. Os avances tecnolóxicos e a conciencia ecosocial.</li> <li>- Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica.</li> <li>- Implicación na defensa e protección do medio ambiente. Acción e posición ante a emerxencia climática.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Bloque 3. Xeografía política: demografía	15

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.5 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.	Identificar os diferentes graos de evolución das sociedades tomando como referencia o tipo de modelo demográfico que as caracterice.	PE	100
CA1.6 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais.	Recoñecer o xeito no que as políticas demográficas inflúen na conservación ou degradación da identidade cultural dunha comunidade.		
CA2.5 - Idear e adoptar, cando sexa posible, comportamentos e accións que contribúan á conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana, a través do respecto a todos os seres vivos, mostrando comportamentos orientados ao logro dun desenvolvemento sustentable das devanditas contornas, e defendendo o acceso universal, xusto e equitativo aos recursos que nos ofrece o planeta.	Relacionar o deterioro demográfico dunha área coas consecuencias ecolóxicas que pode ter para a mesma.		



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Recoñecer os efectos que os movementos migratorios e as políticas migratorias teñen sobre unha sociedade e aqueles axentes que colaboran para o establecemento dun modelo de desenvolvemento demográfico máis xusto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Globalización. Os movementos migratorios e interculturalidade no ámbito mundial. Conflitos ideolóxicos e etnoculturais.</li> <li>- O global e o local. A investigación en Ciencias Sociais. O estudo multicausal e a análise comparada do espazo natural, rural e urbano. A súa evolución en España e Galicia e os retos de futuro.</li> <li>- Análise e interpretación de conceptos espaciais: localización, escala, conexión e proximidade espacial.</li> <li>- Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas</li> <li>- Diversidade social, etnocultural e de xénero. Migracións, multiculturalidade e mestizaxe en sociedades abertas. Historia e recoñecemento do pobo xitano e outras minorías étnicas do noso país. España, país de migrantes. Novas formas de identificación cultural.</li> <li>- Os ciclos e réximes demográficos. O reto demográfico en España e Galicia: Envellecemento e políticas demográficas. Cambios dos modos de vida e dos modelos de organización social.</li> <li>- Interpretación do territorio e da paisaxe. Do éxodo rural á concentración urbana. O problema do despoboamento rural no ámbito estatal e autonómico. Ordenación do territorio e transformación do espazo. A importancia do espazo público. A pegada humana e a protección do medio natural.</li> <li>- Organización política das sociedades. Ordenamento normativo autonómico, constitucional e supranacional como garante do desenvolvemento de dereitos e liberdades para o exercicio da cidadanía. Cidadanía europea e cosmopolita.</li> <li>- Diversidade social e multiculturalidade. Integración e cohesión social. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión.</li> <li>- Emprego e traballo na sociedade da información, aprendizaxe permanente e ao longo de toda a vida.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	Bloque 4. Xeografía política: sectores de actividade económica.	37

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Idear e adoptar, cando sexa posible, comportamentos e accións que contribúan á conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana, a través do respecto a todos os seres vivos, mostrando comportamentos orientados ao logro dun desenvolvemento sustentable das devanditas contornas, e defendendo o acceso universal, xusto e equitativo aos recursos que nos ofrece o planeta.	Recoñecer o peso que cada un dos sectores de actividade económica ten na sociedade galega e aqueles axentes que teñen un maior protagonismo en cada un deles.		
CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Nomear os problemas aos que se enfrontan o sector primario e secundario na sociedade española e as posibles vías para un desenvolvemento destes adaptado ás necesidades económicas, sociais e territoriais que ten o noso territorio na actualidade.		
CA3.4 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos.	Identificar as políticas de desenvolvemento dos sectores de actividade económica que se aplicaron nos últimos anos e as súas consecuencias favorables e negativas, así como alternativas que se propoñan na actualidade.	PE	80
CA3.5 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.	Identificar as oportunidades de futuro que ofrece cada un dos sectores de actividade económica para un completo desenvolvemento do noso territorio que permita integrar a todos os grupos sociais que forman parte del.		
CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes.	Elaborar un mapa no que aparezan representadas as principais actividades económicas que se desenvolven en cada unha das comunidades autónomas de España.	TI	20
CA3.6 - Contribuír ao benestar individual e colectivo a través do deseño, exposición e posta en práctica de iniciativas orientadas a promover un compromiso activo cos valores comúns, a mellora da contorna e o servizo á comunidade.	Elaborar a proposta de creación dunha empresa no noso territorio que se adecue ás necesidades do mesmo e que ofrezca oportunidades de futuro para os diferentes grupos que conforman a nosa poboación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico.

## Contidos

- O global e o local. A investigación en Ciencias Sociais. O estudo multicausal e a análise comparada do espazo natural, rural e urbano. A súa evolución en España e Galicia e os retos de futuro.
- Estruturas económicas no mundo actual: unha economía globalizada. Os sectores produtivos na Unión Europea, España e Galicia, a súa transformación e evolución. A Unión Europea como exemplo do funcionamento dos mercados. A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.
- Dilemas e incertezas ante o crecemento, a empregabilidade e a sustentabilidade.
- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos.
- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o estado do benestar.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

#### a) Características psicoevolutivas do alumnado

Partimos do momento de desenvolvemento tanto a nivel fisiolóxico, como psicolóxico e social. Seguindo as teses expostas por Piaget (1971), no aspecto cognitivo os discentes atópanse no estadio das «operacións intelectuais abstractas, da formación da personalidade e da inserción afectiva e intelectual na sociedade dos adultos». É dicir, trátase dun momento no que o seu desenvolvemento permítelles asumir novas habilidades e roles sociais e adquirir valores morais superiores. Isto contribuirá a desenvolver un modelo de aprendizaxe significativa na que o razoamento formal lles axude a enfocar un problema atendendo ás diversas hipóteses causais, procedimentais e de resolución sen descartar inicialmente aquelas que poidan ser alleas aos seus ámbitos de coñecemento.

#### b) Principios e estratexias metodolóxicas

Tomando como referencia os aspectos sinalados con anterioridade, formularase unha metodoloxía de aprendizaxe que busque a interrelación de feitos e diversos aspectos propios da materia de Xeografía e Historia cos elementos transversais do proceso de ensinanza e aprendizaxe. Así, tomarase como referencia un modelo construtivista no que sexa o propio alumnado o que, a partir dun punto común de partida, procure fórmulas de resolución e de síntese dos coñecementos adquiridos ao longo do proceso de ensinanza e aprendizaxe de xeito que esta estrutura de traballo lle axude a afrontar novos problemas, incógnitas ou retos que se lle presenten tanto no aspecto académico como no seu día a día dentro e fóra do centro.

Esta metodoloxía segue unha estrutura clara que consta de varios pasos: un primeiro no que se realizará unha revisión dos coñecementos previos e unha presentación dos novos contidos (avaliación inicial e método expositivo); un segundo momento no que se formulará unha pregunta sobre estes contidos co obxectivo de que sexa o alumnado o que ofrezca unha resposta (método interrogativo); un terceiro no que os e as discentes, de xeito individual ou en grupo, deberán empregar recursos dixitais e analóxicos para procurar unha resposta á pregunta ou preguntas formuladas (proceso investigativo); un cuarto no que se realizará unha análise da información recollida e se contrastará a fiabilidade das diversas fontes (proceso comprensivo); un quinto no que a información obtida, sintetizada e reelaborada co obxectivo de facela comprensible será exposta ao resto do alumnado por parte de cada un ou cada unha das discentes (método expositivo); e un sexto no que o persoal docente da materia recopilará a información recollida e ampliará aquela que considere que non foi analizada en profundidade (método recolectivo e de ampliación). Esta metodoloxía implica un proceso de aprendizaxe activa que fomenta a autonomía investigadora, analítica e sintética do alumnado, mais a súa aplicación non será ríxida, senón que se irá adaptando aos distintos ritmos de aprendizaxe e afondará naqueles aspectos que se considere que non se están a desenvolver favorablemente.

Do mesmo xeito, a aplicación desta metodoloxía estará combinada con distintas modalidades de agrupamento na aula e aproveitamento dos recursos materiais e humanos do centro, polo que poderanse dividir os distintos procesos en grupos nos que o alumnado se especialice nunha tarefa concreta.

De xeito paralelo, haberá un alto grao de implicación do persoal docente nas tarefas de supervisión e titorización dos diversos procesos co obxectivo de garantir que estes sexan significativos. Con este fin, empregaranse diversas

ferramentas de valoración e avaliación da metodoloxía e da eficacia dos propios materiais utilizados (explicados no apartado 5. «Avaliación»).

Para apoiar estas tarefas, empregarase, como está establecido en toda a Secundaria no presente curso, o espazo Edixgal, onde se expoñerán os traballos realizados polo alumnado co obxectivo de favorecer o seu coñecemento por parte do resto de educandos e que se fomenten a competencia dixital e a competencia en comunicación lingüística do grupo-aula

#### c) Actividades de ensinanza e aprendizaxe

As actividades de ensinanza e aprendizaxe formuladas ao longo do curso terán como base común o obxectivo de fomentar a autonomía na aprendizaxe do alumnado. Estas se presentarán en grao crecente de dificultade para propiciar un proceso de aprendizaxe evolutiva e adaptaranse aos diversos procesos e ritmos que presente o alumnado. A súa formulación partirá das propias actividades plantexadas nos materiais de apoio empregados para a materia, das actividades propostas polo persoal docente, dos proxectos transversais desenvolvidos polo centro educativo e, sempre que se considere de interese para o proceso de ensinanza aprendizaxe, das propostas realizadas polo alumnado. En calquera caso, a súa estrutura diferenciarase entre actividades de iniciación, de desenvolvemento, de consolidación, de apoio ou reforzo, de ampliación, de avaliación e, nos casos nos que sexa preciso, de recuperación.

Tamén se formularán actividades complementarias a realizar dentro das instalacións do centro ou na contorna próxima. Estas actividades buscarán, en calquera caso, a interdisciplinabilidade entre departamentos e a interrelación, na medida do posible, con outros niveis educativos. Serán actividades nas que se procurará sempre o desenvolvemento dos elementos transversais do currículo, tanto desde a propia materia de Xeografía e Historia como de todas aquelas que participen nelas.

#### d) Modalidades de agrupamento

A cooperación, solidariedade e a relación entre iguais son unha base fundamental para o noso centro. É por isto que a metodoloxía empregada procurará modalidades de agrupamento que favorezan a creación de grupos equilibrados, coordinados entre si e que sigan unha pauta de traballo colaborativa co obxectivo de que o proceso de ensinanza e aprendizaxe non se formule como algo exclusivamente individual, senón como un proceso no que todo o alumnado participe e as capacidades de cada participante no grupo complementen as dificultades dos e das demais integrantes. É dicir, o agrupamento será flexible e adaptado tanto ás necesidades da actividade proposta como, sobre todo, ás necesidades e á diversidade do alumnado. Procurarase, polo tanto, un modelo de aprendizaxe colaborativa na que todos e todas favorezan o crecemento cognitivo e procedimental do resto de persoas participantes.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos humanos
Recursos materiais
Recursos do contexto

Recursos humanos: alumnado, persoal do departamento, persoal docente do centro, equipo directivo, Departamento de Orientación e familias. Tamén se poderá acoder a persoal alleo ao centro que, sempre coa autorización do equipo directivo e do Claustro de Profesorado, se considere que pode contribuir ao proceso de ensinanza e aprendizaxe participando nunha ponencia ou nun simposio sobre cuestións relativas á materia de Xeografía e Historia.

Recursos materiais: empregaranse como base contextual do coñecemento os apuntamentos do docente e materiais de Edixgal, recursos bibliográficos propios do departamento, do equipo docente ou da biblioteca de centro, materiais autoeditados, recursos audiovisuais, recursos tecnolóxicos como a pizarra dixital, a aula de TIC e, cando sexa preciso, poderanse empregar tamén os recursos dos que dispoñen os espazos de uso común alleos á propia aula ou aulas nas que se desenvolven as actividades e que se atopan dentro do centro.

Recursos do contexto: Buscarase con eles dar practicidade aos coñecementos abordados na aula aplicándoos á contorna socioeconómica, cultural, xeográfica ou política do noso centro. Estes recursos serán a paisaxe, o patrimonio local, galego e nacional, a contorna económica e empresarial do noso territorio e os distintos elementos que compoñen a nosa cultura dende un punto de vista artístico, xeográfico e histórico. Terán especial importancia para esta materia, polo tanto, museos etnográficos, históricos, científicos e artísticos así como exposicións temporais ou estruturas económicas da nosa contorna. O seu coñecemento plantexarase como unha saída educativa do centro e procurará, sempre que sexa posible, unha formulación interdisciplinar con outras materias.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Partindo dos informes específicos de avaliación previa formulados polo Departamento de Orientación (cando os haxa) ou dos criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe establecidos, elaborárase un formulario de actividades de aula no que se combinarán preguntas curtas, preguntas de relación e preguntas de comprensión sobre as competencias da materia de Xeografía e Historia para o presente curso, pero tamén para o anterior. Este formulario será avaliado polo docente tendo en conta non só os resultados obtidos, senón tamén as observacións realizadas na aula e as interaccións co grupo e co resto do alumnado que se poidan considerar de interese para unha primeira avaliación de cada discente. É dicir, a avaliación inicial terá en conta: adquisición de competencias previas e de competencias futuras, observacións do persoal docente, tarefas e traballos individuais e grupais e relacións sociais dentro da aula.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>25</b>	<b>25</b>	<b>25</b>	<b>25</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	75	95	100	80	<b>88</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	25	5	0	20	<b>12</b>

### Criterios de cualificación:

Antes de establecer os criterios de cualificación, é importante sinalar que aplicación destes criterios responderá a un modelo de avaliación continua no que se terá en conta o traballo realizado en avaliacións anteriores, se ben a adquisición de competencias, dado que o traballo das mesmas repártese de xeito diferenciado ao longo do curso, precisará superar aquelas asignadas para cada avaliación. É dicir, desenvolver unha aprendizaxe na segunda avaliación non implicará, necesariamente, ter adquiridas aprendizaxes semellantes da primeira avaliación. As aprendizaxes de cada período lectivo deberán ser acadadas de xeito individual.

a) Os procedementos que se seguirán para desenvolver este modelo de avaliación serán os seguintes:

- Tarefas, traballos, composicións de texto e actividades en grupo e individuais: posibilitan o seguemento continuado da evolución do alumnado (comprensión de contidos e aprendizaxe das competencias). Procurárase que sexan o máis variadas posibles (definicións, mapas, gráficos, comentarios de texto, traballos individuais ou grupais, debates etc), tanto para fomentar o desenvolvemento de todas as competencias como para atender á diversidade e aos distintos ritmos de maduración cognitiva.

- Probas de contidos, competencias e aprendizaxes desenvolvidas: son probas escritas que permiten avaliar tanto a fixación das cuestións teóricas como as destrezas na parte práctica ou as competencias. Como regra xeral (aberta ás incidencias que poidan xurdir), realizarase un mínimo de dúas probas por avaliación.

- Probas de mapas: son probas de mapas de Xeografía física e política de cada un dos continentes. Neles propoñeranse 20 puntos a localizar (mapa físico) e 40 puntos (mapa político) dos que haberá que ubicar correctamente 12 (no caso de físico) e 24 (no caso do político) para que a proba se considere superada.

- Caderno de clase: é o caderno que recolle as actividades, tarefas e propostas de aprendizaxe desenvolvidas no día a día na aula e no fogar. Para que este reciba unha avaliación favorable será necesario que estean presentes nel todas as actividades propostas durante cada avaliación, a corrección daquelas que non se fixeron correctamente e que haxa orde e claridade na exposición dos contidos.

b) Criterios de cualificación que se aplican nas ferramentas sinaladas:

- Tarefas, traballos, composicións de textos e actividades en grupo e individuais: terán un valor do 30% da nota final de cada avaliación. Poderase perder esta porcentaxes por:

- Non traer as tarefas, composicións, definicións ou actividades feitas e cumprindo os criterios establecidos en cada caso (a copia ou plaxio dun traballo suporá que quede invalidado e a súa nota numérica sexa un 0).

- Non colaborar, participar e traballar nas actividades grupais.

- Non entregar as tarefas, composicións, definicións ou actividades na data establecida.

- No caso de que a nota numérica dun traballo ou unha composición sexa inferior a 3,5 sobre 10 o autor ou autora deberá repetila para que poida facer media co resto de notas da avaliación.

- Probas de contidos: o seu valor supón o 50% da nota final de cada avaliación (no caso de que haxa dúas probas, o reparto do peso de cada unha delas neste 50% será dun 20% a primeira e un 30% a segunda). Considerarase que unha proba está aprobada cando se obteña un 5 sobre 10 no resultado numérico da mesma. Á avaliación das probas de contidos engádese un aspecto avaliabile que só se terá en conta neste caso, a corrección ortográfica. Esta será avaliada en cada unha das probas do seguinte xeito:

- Por cada dúas faltas graves descontarase 0,1 sobre 10 da nota final da proba. Considerarase falta grave a ausencia dunha til, os erros ortográficos (b por v; m por n, k por q, etc.), os erros gramaticais ou erros referidos á terminoloxía específica da materia.

- Por cada dúas faltas leves descontarase 0,05 sobre 10 da nota final da proba. Considérase falta leve a ausencia de puntos, de comas, de separación entre parágrafos, de letras, ou calquera outra falta na expresión escrita non recollida dentro do grupo de faltas graves.

- Probas de mapas: haberá dúas por trimestre. Aprobadas no primeiro intento suporá un 10% da nota da avaliación. Quen non as aprobe non poderá optar a ese 10%, só poderá optar á súa recuperación sumando esta un 5% da nota final. É dicir, por cada mapa aprobado no primeiro intento súmase un 0,5 ( $0,5+0,5=1$ ) na avaliación, de ser no segundo sumarase un 0,25 ( $0,25+0,25=0,5$ ). Será imprescindible aprobar os mapas para aprobar a avaliación, se ben, no terceiro intento e seguintes só se computará a proba como aprobada, pero non sumará nada á nota final da avaliación.

- Caderno de clase: ao final de cada avaliación recolleranse as libretas (10%) de cada alumno/a da asignatura e avaliarase:

- Presenza de todas as actividades propostas.

- Orde e claridade na exposición dos contidos.

- Corrección dos erros que se puidesen observar ao longo da avaliación.

c) Elaboración da nota media trimestral

No tocante á ponderación da cualificación dos exames na media trimestral, a nota mínima que debe de acadar o alumnado para a elaboración desta será dun 3,5. Se non chega a esta cifra, darase esa parte da materia por non superada (e seguiranse os procedemento que detallamos a continuación para a recuperación dos exames ou avaliacións).

No caso de que algún alumno ou alumna realice unha práctica fraudulenta no exame, dita proba será cualificada coa nota de 0, e suspenderá a correspondente avaliación con todas as súas consecuencias.

Para que unha avaliación se considere superada, a suma de todas as porcentaxes, e a ponderación porcentual de cada un dos apartados referidos no punto 15.b.2. debe dar como resultado un 5 sobre 10. Se non se obtén esta nota despois de realizar a ponderación, a avaliación considerarase suspensa.

d) Avaliación final

Terá como base a realización de probas escritas, pero tamén todo o traballo realizado ao longo do curso ou dun trimestre, os resultados arroxados polos instrumentos de avaliación e as observacións realizadas polo persoal docente e recollidas nos instrumentos de avaliación antes referidos. Esta avaliación non se poderá entender como algo illado, senón que terá que observar a evolución do alumnado ao longo do trimestre ou do curso, o traballo realizado para acadar os estándares de aprendizaxe e indicadores de logro propostos e a correlación entre esta aprendizaxe e a adquisición das competencias propostas para esta etapa.



Por outra banda, e co obxectivo de que haxa unha valoración do traballo conxunto realizado polo alumnado ao longo do curso, o conxunto da avaliación de cada trimestre realizarase de xeito proporcional tendo en conta os seguintes criterios: a primeira das probas escritas de terá un peso dun 20% sobre a nota final, mentres que a segunda terá un peso do 30%; as tarefas e actividades en grupo e individuais valerán un 30% e o alumnado decaerá no recoñecemento desta porcentaxe no caso de non traer as tarefas feitas en tres ou máis ocasións, copiar ou plaxiar un traballo dispoñible nunha fonte allea, non colaborar ou participar nas actividades individuais ou grupais, ou non entregar as tarefas na data establecida en tres ou máis ocasións. De igual modo, haberá un caderno de clase que se valorará ao final de cada trimestre e a súa ponderación será do 10% da nota final. Neste caderno valorarase a presenza de todas as actividades propostas, a orde e claridade na exposición dos contidos e a correccións dos erros que se puidesen observar ao longo do trimestre. Tamén se realizarán dúas probas de mapas por trimestre. Aprobadas no primeiro intento suporá un 10% da nota da avaliación. Quen non as aprobe, non poderá optar a ese 10%, só poderá optar á súa recuperación sumando esta un 5% da nota final. É dicir, por cada mapa aprobado no primeiro intento súmase un 0,5 sobre 10 na avaliación, de ser no segundo intento, cada mapa sumará un 0,25 sobre o 10 correspondente á parte de mapas. De non aprobar nin o primeiro nin o segundo intento, haberá que realizar un terceiro, pero este non sumará nada.

A calificación do curso seguirá un modelo de avaliación continua. Se algún discente non obtivese un 5 de media das tres primeiras avaliacións a comezos do mes de xuño, realizarase unha proba extraordinaria das avaliacións suspensas antes de que se realice a avaliación final.

### **Criterios de recuperación:**

#### a) Recuperación dunha proba ou exame

O alumnado que non acade un 3,5 na primeira convocatoria dunha proba ou exame terá a obrigatoriedade de repetilo. Esta recuperación realizarase antes do termo da avaliación ou, no caso de non ser posible, a comezos da seguinte avaliación.

Na recuperación da proba será necesario obter un 3,5 ou máis para poder facer media co resto de notas da avaliación. Se non se obtén esa nota, non se fará media. É dicir, para aprobar a avaliación hai que ter todas as probas aprobadas.

#### b) Recuperación dunha avaliación

Realizarase unha única proba escrita de recuperación dunha avaliación por trimestre. A este respecto, só no caso de superala (cando se chegue a cinco puntos sobre 10) esta nota fará media para a obtención da cualificación da avaliación ordinaria de xuño.

Así mesmo, existirá unha proba escrita de recuperación final en xuño, coas seguintes características:

- Aqueles alumnos ou alumnas que só teñen unha avaliación pendente realizarán unha proba dos contidos relativos aos seus bloques específicos.
- O alumnado con dúas ou tres avaliacións pendentes examinaranse da totalidade da materia.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Non se establecen medidas de recuperación de pendentes para esta materia en 3º da ESO no curso 2023/2024 porque non hai ningún nin ningunha discente que acceda ao presente curso coa materia suspensa de cursos ou niveis anteriores.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

O tratamento da diversidade é un dos núcleos centrais da labor docente, pois supón axustarse a unha realidade evidente na nosa contorna e precisa dunha atención específica para garantir un proceso de ensinanza-aprendizaxe individualizado. Seguindo o establecido Ley Orgánica 8/1985, de 3 de xullo, Reguladora do Dereito á Educación, o equipo docente debe traballar todas as ferramentas e canais precisos para atender as demandas da sociedade e garantir o dereito á educación recoñecido legalmente. Non consiste, polo tanto, en que o alumnado se adapte ás condicións específicas do proceso educativo, senón en que a metodoloxía e a estratexia docente realice os axustes necesarios para progresar no proceso de ensinanza e aprendizaxe adaptándose ás necesidades e capacidades

persoais.

Para abordar este aspecto, será imprescindible que o equipo docente teña como referencia o Plan de Atención á Diversidade, no que se recollen as medidas previstas para un bo funcionamento neste eido. Nel aparecerán reflectidas as ferramentas deseñadas con tal fin de carácter organizativo e metodolóxico como son: agrupamentos flexibles, desdoblamento de grupos, oferta de materias específicas, plans de mellora, recuperación e específicos, o reforzo educativo, os programas de mellora da aprendizaxe e o rendemento, e as adaptacións curriculares de carácter significativo e non significativo. Destacaremos entre elas as medidas ordinarias de atención á diversidade (entre as que son salientables as medidas de reforzo educativo para discentes con dificultades de aprendizaxe ordinaria). Tamén haberá que observar, cando así se precise, o establecemento de medidas extraordinarias de atención á diversidade como son as Adaptacións Curriculares Individualizadas Significativas.

No grupo de referencia, partindo dos informes previos de cursos anteriores, non se dan situacións concretas nas que haxa que aplicar medidas de atención á diversidade na materia de Xeografía e Historia. No caso de que fose necesario, deseñaríanse as medidas oportunas en coordinación co Equipo de Orientación, a persoa titora e o Equipo Directivo, así como as respectivas persoas titoras do ou da discente.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Educación cívico-social	X	X	X	X
ET.2 - Educación ambiental		X	X	X
ET.3 - Educación para a igualdade	X		X	X
ET.4 - Emprendemento	X			X
ET.5 - Comprensión lectora	X		X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible		X	X	X
ET.7 - Educación para a paz	X		X	
ET.8 - Educación para o consumidor			X	X

#### Observacións:

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita, pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios xeográficos e históricos, etc.

Así mesmo, a comunicación audiovisual dun xeito responsable será aproveitada en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente.

O resto dos elementos transversais tamén serán abordados en maior ou menor medida en case todas as unidades. No tocante á comunicación terá un maior peso nas unidades que promovan o debate.

O emprendemento tamén se considera importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa.

Importante na materia de Xeografía e Historia é a Educación cívica e constitucional que tamén será un tema que pode retomarse en todas as unidades non só como tema a dar senón tamén como actitude do alumnado na aula de respecto, tolerancia nos traballos, debates, etc.



## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visitas a exposicións e museos	complementaria	X	X	X
Asistencia a charlas	complementaria		X	X
Excursións de interese didáctico	complementaria		X	
Roteiros didácticos	complementaria	X	X	
Proxección de cine	complementaria		X	X

### Observacións:

Todas as actividades complementarias axudan a potenciar a motivación, a comprensión e a aprendizaxe do alumnado así como a saír da rutina.

Permiten afondar nos contidos do currículo e comprobar a súa aplicación real .

A nivel persoal, facilitan a socialización do alumnado, desenvolver a súa creatividade e descubrir as súas habilidades fóra do ámbito escolar.

Agora ben, é preciso que estas sexan escollidas adecuadamente, sexan motivadoras e se adapten ao nivel de comprensión do alumnado.

Establécense tres fases para a preparación e desenvolvemento destas actividades:

-Unha primeira fase previa que consiste na preparación do alumnado. Nela dáselle información do tema e propóñense tarefas para desenvolver durante a actividade.

-Unha segunda fase ou fase central consistente na actividade propiamente dita durante a cal o alumnado deberá coller datos e información.

-Xa na aula unha terceira fase de feed-back para comprobar o resultado da experiencia.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Avalía e xulga en función dos criterios da programación
Valoración xeral da materia
Os obxectivos didácticos están ben formulados
Os criterios de avaliación e cualificación foron claros
A temporalización foi adecuada
Realizouse a avaliación inicial
Os criterios de cualificación foron axustados

Metodoloxía empregada
Favorece un ambiente de aprendizaxe
Emprega variedade de recursos
Ofrece oportunidades de recuperación
Resolve dúbidas
É innovador
Aplica criterios de avaliación coñecidos e claros
A selección e temporalización dos contidos e actividades foi axustada
As actividades foron variadas e motivadoras
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Planifica leccións, ensina e avalía
Os contidos e actividades relacionáronse cos intereses do alumnado
Empregáronse diferentes instrumentos de avaliación
Medidas de atención á diversidade
Valora o esforzo
Clima de traballo na aula
Demostra coñecemento da materia
Motiva ao alumnado
É ordenado nas explicacións
Explica con claridade
Revisa a realización das tarefas propostas
Sabe dirixir as clases
Cumpriu co horario de clases

### Descrición:

O profesorado debe someterse á avaliación do seu proceso de ensino e práctica docente.

En canto á práctica docente, esta realizarase por medio de enquisas e rúbricas que conteñen unha escala de valoración e que xiran entorn a "sabe", "sabe ser", "sabe facer que" e "sabe como facer", é dicir, sobre coñecementos, motivación, metodoloxía, avaliación, puntualidade e xestión da aula.

Este cuestionario será proporcionado ao alumnado ao remate do curso. O balance dos resultados vai permitir reconsiderar determinadas actuacións e reformular a programación e a metodoloxía.

Igual de importante é avaliar o proceso do ensino para o cal dispónse dun cuestionario de autoavaliación cos indicadores de logro puntuables nunha escala de 1 a 10. O cuestionario versa sobre a programación (obxectivos, contidos e temporalización, criterios de avaliación e programación). Sobre o desenvolvemento da programación (contidos, actividades, distribución do tempo, recursos..) e sobre a avaliación (se houbo avaliación inicial,

instrumentos axeitados, criterios de cualificación xustos...)

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A avaliación da programación didáctica, da práctica docente e do proceso de ensino-aprendizaxe realizarase mediante rúbricas de avaliación nas que se aplicarán os indicadores de logro establecidos no apartado 8.1. En calquera caso, serán de especial importancia para a avaliación da práctica docente (en todos os eidos anteriormente sinalados) os seguintes puntos:

- O nivel de desenvolvemento das competencias e, de ser o caso, as causas da súa modificación.
- O grao de consecución final dos obxectivos.
- A valoración das cualificacións acadadas polo alumnado.
- A valoración das actividades complementarias e extraescolares.
- O grao de consecución doutros obxectivos didácticos ou de convivencia relativos a toda a comunidade educativa.

## **9. Outros apartados**